

Ref.: CS2301

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO ASOCIADO EN CIENCIAS DA SAÚDE. CURSO 2023-2024.

A Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público polo procedemento de urxencia para cubrir as necesidades docentes na área de Ciencias da Saúde, ao abeiro dos convenios asinados o 8 de maio de 2023 e 10 de setembro de 2019, entre a Universidade de Vigo e Sutura Galicia SLP e Amencer Aspace, respectivamente tal como se relacionan nas prazas do Anexo II desta convocatoria.

Este concurso rexerase polo disposto na Lei orgánica 2/2023, do 23 de marzo, de Universidades (en adiante LOSU), así como polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, polos Estatutos da Universidade de Vigo, en tanto non se opoñan ao establecido na LOSU, e desenvolverase de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Requisitos de participación.

Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo, e de estar redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

Para resultar admitidas, as persoas candidatas deberán reunir os requisitos que con carácter xeral establecen os artigos 56 e 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Xunto coa solicitude deberán presentarse os seguintes documentos:

- Copia do documento acreditativo da identidade (DNI, NIE, pasaporte ...)
- Copia do título de **diplomado ou graduado en Fisioterapia**, copia da certificación do pagamento dos dereitos de expedición do título ou, de ser o caso, da credencial de homologación expedida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.
- Certificación expedida pola dirección da entidade que figura no perfil de cada praza no anexo II que acredite que a persoa interesada presta servizos na mesma, facendo constar a especialidade e a área asistencial.**
- Os dereitos de exame para cada praza (referencia) serán de **44,17 euros**. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación web da Universidade de Vigo habilitada para a

Páxina 1 de 8



participación no concurso de acceso. **Poderá aboarse o importe correspondente no período indicado na folia de liquidación, ben en efectivo ou con tarxeta.**

En efectivo farase nalguna das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata a súa finalización, comprobando que o pagamento foi feito correctamente.

Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. **Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.**

De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable a persoa interesada.

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de instancias non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pagamento ou a exención do pagamento da citada taxa.

Segunda. Solicitude telemática.

1. A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario integrado na aplicación web da Universidade de Vigo. Para presentar a solicitude de participación, as persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario web da solicitude que se atopa establecido especificamente para a praza e corpo correspondente, dispoñible no enlace <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e logo "concursos de profesorado", **no prazo de dez días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).**
2. Durante o proceso de inscrición descrito anteriormente, achegarase nun ficheiro PDF os seguintes documentos, sendo causa de exclusión a falta dalgún deles:
 - a. Copia simple do documento acreditativo da identidade (DNI ou NIE).
 - b. Copia simple do título académico esixido en cada praza, ou da certificación de expedición do título, ou de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.



- c. Certificación expedida pola dirección da entidade que figura no perfil de cada praza no anexo II que acredite que a persoa interesada presta servizos na mesma, facendo constar a especialidade e a área asistencial.

Terceira. Presentación de documentación.

1. Unha vez cumprimentada e validada a solicitude a través da aplicación web, a mesma deberá ser presentada, xunto coa documentación correspondente, na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento do concurso público para a contratación de profesorado asociado en ciencias da saúde. Curso 2023-2024. O tamaño máximo de todo o conxunto de documentos é de 35 MB.

2. De conformidade co disposto no artigo 16.8 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, carecerá de validez e eficacia a presentación de solicitudes e a realización de calquera acto efectuado a través de medios distintos ao indicado no apartado anterior.

3. Achegarase en formato PDF, **xunto coa solicitude**, a seguinte documentación:

a) **Curriculum vitae: CV** detallado de acordo co modelo oficial que figura no anexo III, **en formato PDF**, o cal será **refrendado coa sinatura electrónica da persoa concursante**. Non serán valorados méritos que non estean detallados en dito modelo de curriculum vitae ou ben non se xustifiquen documentalmente. **O arquivo deberá nomearse como Currículo_DNI_CodPraza.pdf.**

b) **Méritos:** Os documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados, incluído o coñecemento da lingua galega. Todos estes documentos deberán incluírse **nun único arquivo en formato PDF**, seguindo a paxinación indicada no curriculum vitae e que se xerará segundo o establecido no anexo V. **O arquivo deberá nomearse como Xustifica_DNI_CodPraza.pdf.**

c) **Proxecto docente:** O proxecto docente en formato PDF e cunha extensión máxima de 15 páxinas, que versará sobre a materia indicada pola comisión específica de área nos criterios específicos (anexo IV). Se non foi indicada, o proxecto versará sobre unha das materias que aparecen no perfil da praza no anexo II. **O arquivo deberá nomearse como Proxecto_DNI_CodPraza.pdf.**

d) **Exención de taxas:** Xustificante, no seu caso, da exención parcial ou total de taxas.

Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá achegarse no prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional finalizado dito prazo.

Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

1. No prazo máximo de 15 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase nos lugares indicados na base 9.2 a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen presentase a súa candidatura disporá

Páxina 3 de 8



dun prazo de **cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión indicadas**, de conformidade co disposto nas bases 1 a 3, mediante o procedemento de instancia xenérica na Sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>)

2. No suposto de que todas as persoas candidatas a unha mesma praza resulten admitidas nesta fase, as Comisións Específicas de Área poderán iniciar a valoración dos méritos de acordo coa base quinta.

3. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Quinta. Valoración dos méritos.

1. Os méritos serán valorados pola Comisión Específica de Área (CEA) designada polo respectivo consello de departamento, segundo se relaciona para cada praza no anexo IV, composta por cinco docentes da mesma área de coñecemento ou de áreas afíns á que está adscrita a praza, e con titulación, categoría e adicación igual ou superior á dita praza. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En base ao previsto no artigo 26 do II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador, poderá asistir á comisión, con voz e sen voto, unha persoa proposta pola representación das traballadoras e dos traballadores.

2. A Comisión poderá actuar coa participación, cando menos, de tres membros (con voz e voto), requiríndose sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou, de ser o caso, das persoas que as substitúan. En caso de ausencia de quen exerza a presidencia será substituída polo/a membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

3. O baremo para a cualificación de méritos será o establecido no anexo I.

4. Os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle, son os que figuran no anexo IV. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e o baremo do anexo I, ou se os criterios non foron establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios.

5. Recibida a documentación das persoas aspirantes admitidas, a Comisión Específica de Área disporá dun prazo de dez días hábiles para avaliar os méritos e propor a adxudicación da praza. De estimalo necesario, poderá acordar a realización de entrevistas. A Comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e no caso de empate, decidirá o voto de quen exerza a presidencia.

6. A CEA valorará exclusivamente os méritos alegados no curriculum vitae e xustificadas do xeito que establece a base 3. A puntuación de cada mérito quedará reflectida nos apartados sombreados de dito modelo. Non se valorarán os méritos que non figuren no curriculum vitae.



7. Avaliados os méritos das persoas candidatas, a comisión adoptará un acordo que constará de:

a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.

b) Relación de todas as persoas candidatas ordenadas pola puntuación total.

c) Proposta de provisión da praza a prol do candidato ou candidata que obteña a puntuación máis alta, indicando as persoas que se consideran idóneas para ser contratadas.

A Comisión poderá acordar a non provisión da praza, motivando esta decisión.

8. A expresión da **puntuación total** e o seu **desglose** para cada apartado servirán de motivación á proposta de adxudicación. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviarase ao Servizo de Persoal Docente e Investigador.

9. Coas persoas candidatas que figuren na proposta de provisión constituirase unha lista de agarda, conforme aos criterios establecidos no Acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011, relativo á normativa de substitución.

10. De producírense demoras inxustificadas na tramitación do concurso dunha praza imputables á Comisión Específica de Área das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, esta poderá solicitar do Reitor a designación dunha Comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións á Comisión Específica de Área e acordará unha nova proposta de adxudicación.

Sexta. Resolución do concurso.

1. A Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica resolverá o concurso mediante os acordos de adxudicación das prazas que se publicarán nos lugares previstos na base 9.2.

2. O Servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que aporte copia electrónica auténtica daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato.

De non persoarse na data indicada para a formalización do contrato sen mediar causa suficiente así apreciada pola Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na proposta. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

Sétima. Reclamacións.

1. Contra os acordos de adxudicación, as persoas candidatas admitidas **poderán acceder á vista do expediente e interpoñer reclamación** ante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. **En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder ao expediente de**

Páxina 5 de 8



conformidade cos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015. O acordo da citada Comisión será vinculante para o Reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada ás persoas que reclamen.

2. Non obstante, de presentarse algunha reclamación, e en tanto non se resolva, poderase contratar á persoa candidata proposta incluíndo no contrato unha **cláusula extintiva** condicionada á resolución da reclamación. En todo caso, o contrato non poderá ter unha duración superior á data de finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

Resolta definitivamente a reclamación, de confirmarse a candidatura proposta, o contrato continuará a súa vixencia; en caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación da nova persoa proposta, sen que neste caso, o contrato poda ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

3. Recibidas e publicadas todas as propostas de adxudicación das comisións específicas de área e rematado o prazo para a presentación de reclamacións, publicarase o anuncio de prazos reclamadas.

Oitava. Contratación e obrigas.

1. O contrato será de natureza laboral a tempo parcial cunha duración que en **ningún caso será superior ao curso académico 2023/24**, excepto que no anexo II se indique outra distinta, ou que o Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica o estableza en función das particularidades de cada caso. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se sinalan no II Convenio colectivo do PDI .

2. A prestación de servizos, e polo tanto o devengo das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

3. O período de proba será de seis meses, superándose sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. Consonte o previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, os contratos estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e disposicións que a desenvolven.

Novena. Norma derradeira.

1. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven da mesma e das actuacións das comisións poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015.

2. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo, servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015.



Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo publicaránse a título divulgativo na páxina electrónica da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>, seleccionando "emprego" e logo "concursos de profesorado".

3. A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano ao que competa resolver, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiras persoas a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a pedimento deste, a súa execución consonte ao legalmente establecido.

4. De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoa física no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación deste concurso e amparados pola LOSU e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación neste concurso as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste concurso. Non obstante e coa fin de previr riscos da publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e igualdade@uvigo.es).

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e se conservarán durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, se lles excluíra do proceso selectivo.

As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao devandito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán exercerse mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo no rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da LPCAP. Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente, pode dirixir dita solicitude á Delegada de protección de datos: Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas, 32004 Ourense (España) 988368834, dpd@uvigo.gal.

Tamén pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015.

O REITOR,

P.D. (R.R. de 20 de abril de 2023)

A VICERREITORA DE PROFESORADO E ORDENACIÓN ACADÉMICA,

(asinado dixitalmente)

